

Telexornal Serán

O Grupo Cupa abre outro centro de distribución de pedra en Galicia

Publicado o 20/05/2015 21:08

Abriron sete almacéns en plena crise e cun negocio ligado ao sector da construción. Cupa Stone, a empresa galega dedicada á venda de pedra natural en todo o mundo, inaugura a estas horas as súas novas instalacións en Padrón.

Unha canteira leonesa aberta hai máis dun século foi a orixe do Grupo Cupa. Hoxe, esta firma galega exporta pedra a 70 países e emprega a máis de 2.000 persoas. Cupa Stone, a división da multinacional especializada na pedra natural, abriu en Padrón o seu segundo centro de distribución en Galicia.

"É un centro que ten unha exposición de 1.500 metros cadrados no que dispoñemos dunha ampla gama de materiais, desde pizarras, cuarcitas, mármore, granito", enumera o director da zona noroeste de Cupa Stone, Guillermo Oviedo.

Cupa facturou o ano pasado 59 millóns de euros. Presumen de medrar en plena crise da construción.

"É o sétimo almacén que abrimos nos últimos 5 anos, os anos da crise. O simbolismo para min é moi importante, nos peores momentos fomos capaces de estar preto dos nosos clientes e de estar presentes no mercado", di o conselleiro delegado do Grupo Cupa, Javier Fernández.

Pese á súa vocación internacional, a nova nave de Padrón ten os ollos postos en Galicia, un mercado, din, con moito potencial para a pedra dalgunha das súas 24 canteiras.

 [Compartir](#)  [Tweet](#)  0  [g+](#)  1

Telexornal Serán do 20/05/2015